

20 VIVO
MÚSICA
NÚMERO 3
XANEIRO 2010

CARLOS NÚÑEZ

O GAITEIRO VIGUÉS
E OUTROS MÚSICOS
GALEGOS DESEMBARCAN
EN BRASIL

XUNTA DE GALICIA

**BATUKO TABANKA * COMBO DINAMO * UN DÍA CON PHANTOM CLUB
NADADORA * CARLOS REGO * LOS ETERNOS E BB SIN SED * SALA LA IGUANA**

Festival **Sinsal** Extensión **Salón Teatro**



MONO

+ JOE MCPHEE & CHRIS
CORSANO

Xoves, 11 de marzo
ás 22:00 h



JUANA MOLINA

Xoves, 29 de abril
ás 22:00 h

SALÓN TEATRO

Rúa Nova, 34
Santiago de Compostela

Venda anticipada:



Billeteira: Tel. 981 58 49 78
(Dúas horas antes dos concertos)

Información:
Centro Dramático Galego
Tel. 981 58 11 11 (de 9 a 14 h.)



SUMARIO

4 SETE DE SETE

Cristina Pato, Marcos Coll, Guillermo Lancelotti e a súa maneira de ver os directos

6 BATUKO TABANKA

O son telúrico dun grupo de caboverdianas afincadas en Galicia

10 DETRÁS DA CANCIÓN

Así se cociña nun estudio lugués o novo disco de Nadadora

12 UN DÍA CON PHANTOM CLUB

A gravación en directo do seu último disco, en imaxes

14 TESOUREOS SOTERRADOS

Cudi, de Los Eternos, descobre a maxia turbia de BB Sin Sed

15 A MÁQUINA DO TEMPO

Máis de vinte anos de pop protagonizados por Carlos Rego, de Burgas Beat

16 BRASIL, OBXECTIVO TRANSOCÉANICO

Os músicos galegos buscan novos mercados ao outro lado do Atlántico

20 NAS TENDAS

As novidades discográficas galegas neste arranque do 2010

21 O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA

Edgar No, de Combo Dinamo, e a súa relación con David Bowie

22 A SALA

La Iguana Club, vinte anos dun mito da noite roqueira viguesa

AO VIVO Música enfronta este ano 2010 brindando as súas páxinas á promoción da música galega en toda a súa extensión. Ademais das actividades e intérpretes que se distribúen a través da **Rede Galega de Música ao Vivo**, a revista ábrese a partir deste número á difusión de todo tipo de grupos e solistas, tanto os máis consolidados coma os emerxentes, co único denominador común para todos eles de traballar desde Galicia.

Para canalizar propostas de contidos e atinar o máximo posible na oportunidade de cada tema, contamos a partir de agora coa colaboración das principais asociacións do sector, desde as que se nutre directamente a sección "Nas tendas", dedicada a novidades discográficas.

Asumimos ademais unha nova periodicidade, xa que **AO VIVO Música** pasa de dous números anuais a un encontro co público, dun xeito máis continuado, cada catro meses: en xaneiro, maio e setembro.

AO VIVO Música é unha revista de información e promoción da música galega que se distribúe de xeito gratuito en locais de toda Galicia.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais.
Consellería de Cultura e Turismo

PRESIDENTE: Roberto Varela Fariña

DIRECTOR: Juan Carlos Fernández Fasero

COORDINACIÓN: Ana Miragaya, Ana Rosales

PRODUCCIÓN E TEXTOS: Eme2 Emoción&Arte

ACHEGA DE CONTIDOS: Agaphono (Asociación Galega de Productoras Fonográficas), AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais), Clubtura (Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo)

COLABORAN NESTE NÚMERO: Cudi, Carlos Rego, Edgar No

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Reverso

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Logoferoz

FOTOGRAFÍAS: Janite, cesións de grupos e arquivo da AGADIC



Impresión: Litonor

Tiraxe: 7.000 exemplares

ISSN: 1888-6191 / D.L.: C 692-2008

agadic@xunta.es | www.agadic.info
www.musicaovivo.info

Cristina Pato

GAITEIRA E PIANISTA

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Seguramente debeu de ser un da miña irmá maior, Raquel, no conservatorio.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Non o decidín, iso decidiuse só. Levo desde os catro anos sobre as táboas, converteuse en algo natural.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Un de Arto Lindsay no festival Sónar de Barcelona, en 2001. Coñecía como produtor de discos de Marisa Monte, por exemplo, pero non sabía nada da súa carreira en solitario. Naquela ocasión apareceu cunha guitarra mal afinada e con outros dous

fenómenos de músicos, e quedei abraida coa forza que desprendían. Desde entón non son fan, son fanática.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

Algún de Jacqueline du Pré ou, máis fácil aínda, ao dun grande da música clásica, de Arturo Toscanini ou de Pau Casals, por exemplo.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Por cortarme creo que nada! Por falta de presuposto, moitísimas cousas, coma unha macroproducción tipo Shakira. Cando ves algo así, por unha parte tes enveja por non poderde permitir iso, pero por outra tamén sentes que a túa responsabilidade é só facer música.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Sen dúbida a primeira que fixen con Mutenrohi, hai xa quince ou dezaseis anos. Aquel día tocoume substituír a miña irmá. E tamén a primeira xa como Cristina Pato, claro. Foi algo especial, tiñamos moitas esperanzas, pero non esperabamos que o proxecto se convertese no que se converteu.

7 E cal foi a máis desastrosa que tiveches?

Hai de todo, a maior parte dos desastres pasan de imprevisto e por unha mestura de casualidades... Deixémolo en que se o tempo non acompaña e o escenario está aberto, a cousa vai normalmente mal.

CRISTINA PATO EDITA ESTE MES DE FEBREIRO 'THE GALICIAN CONNECTION' (ZUMA), O SEU CUARTO DISCO EN SOLITARIO.



Marcos Coll

HARMÓNICA DE LOS REYES DEL K.O.

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Seguro que algún ao que me levasen os meus pais ou o meu tío. O primeiro que recordo é ver unha orquestra na praza Roxa de Santiago de Compostela, e o primeiro no que souben o nome do grupo que ía ver foi un de La Frontera. Non é que me gusten demasiado, pero só por iso xa lles teño cariño.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

No Afroamérica 92 [celebrado en Baiona en 1992], con B. B. King, Dr. John, Willy DeVille, Gilberto Gil, etcétera, e no Concerto dos Mil Anos [no estadio de Riazor, na Coruña, en 1993], con Chuck Berry, Wilson Pickett, Bo Diddley e outros tantos. Despois de ter a sorte de ver todo iso por dúas mil pesetas da época, como para que non che apeteza tocar!

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Pois os anteriores, e logo moitos outros coma un de Johnny Copeland en 1993, algún de Ray Charles... Por sorte houbo tantos que non podo escoller.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

Esa é probablemente a pregunta máis difícil que se lle pode facer a un músico, pero seguro que tivo lugar nunha taberna calquera no Chicago dos anos cincuenta.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Cría que a anterior era a pregunta máis difícil! Agora mesmo ocórrenseme demasiadas cousas e, sobre todo, demasiados músicos aos que querría ter con nós no escenario.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Poderían ser a vez a que tocamos no Buddy Guy's Legends de Chicago ou a xira que fixemos con Buddy Miles. Foron os nosos soños feitos realidade. O certo é que teño moi bos recordos de actuacións en sitios sen tanto *glamour*. Nunca sabes cando aparece a maxia!

7 E cal foi a máis desastrosa que tiveches?

Non lembro sentir nunca vergoña. O mellor do subconsciente é que fai por esquecer os malos momentos e por pasar páxina.



Guillermo Lancelotti

TROMPETA E LÍDER DA MR. DIXIE JAZZ BAND

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Como espectador, a algún dos celebrados nun teatro que hai na miña cidade natal, Bahía Blanca, na provincia de Buenos Aires, en Argentina. A el acudían habitualmente bandas de jazz tradicional de todo o país.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Obviamente, no primeiro ao que fun. Xa entón me picou a curiosidade, e desde aquela sigo tocando.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Vou quedarme cun que me sorprendeu á miña chegada á Coruña. Foi o que deu un batería histórico, Roy Haynes. Presentouse no Teatro Rosalía Castro no ano 1998, e a forma de tocar e sobre todo o ambiente deixáronme de pedra: estar sentado a moi poucos metros dun mestre que tocara e gravara co mitos do jazz como o gran Charlie Parker, Dizzy Gillespie e tantos outros foi increíble. Eramos tan poucos aquela noite na sala! Fun un dos sesenta privilexiados.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

Un foi o de Louis Armstrong en Bos Aires, xunto cos seus All Stars, no ano 1957; eu aínda non nacera. Outro, cando Gillespie tocou en Neuquén, Bos Aires e algunha outra capital de Arxentina, aquela xira na que Gillespie enfermou e xa non saíu do cuarto do hospital.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Un gran festival de jazz tradicional na Coruña, aínda que xa desistín do intento despois de case doce anos que levo na cidade. A outra é tocar na praza do Obradoiro, en Santiago.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Calquera dos primeiros anos de Mr. Dixie na que é a nosa casa, a bodega Jazz Vides, e unha en Tarragona xunto cos New Orleans.

7 E cal foi a máis desastrosa que tiveches?

Non tivemos ningunha, a non ser que se lle poida chamar caótica a algunha actuación nun grande evento no que nos faltou un instrumento clave para o noso estilo de jazz tradicional.

Batuko Tabanka

*Forza telúrica a medio camiño
entre Cabo Verde e Galicia*

FOTOS: XULIO VILLARINO



"N

ós marchamos de alá para buscarnos a vida e regresamos como artistas; fómonos sen un peso e, cando volvemos, ceamos co presidente da República, sabes?". Así explica Antonina de Cangas a aventura das Batuko Tabanka, un grupo de mulleres de Cabo Verde afincadas en Burela e arredores desde hai máis de tres décadas. Hai anos decidiron que era hora de que a terra que as acolleu coñecese a forza da música que elas escoitaban e facían cando eran nenas, nas súas illas natais; agora teñen un disco-dvd gravado a cabalo entre as súas dúas patrias, e percorren escenarios de toda España batendo forte no *batuko*.

O concepto é tan sinxelo coma emocionante e cheo de forza telúrica: as Batuko Tabanka golpean coas súas mans unha toalla envolta nunha bolsa de plástico e suxeitada entre as pernas, ou

un coxín de escai, cantando versos breves sobre a súa vida, sobre o que deixaron atrás e sobre o que todos os días ven. "É a música tradicional de Cabo Verde", explica Antonina, "e nós adaptamos a letra ao noso día a día".

O *batuko* nace con Cabo Verde. O arquipélago era un ermo deshabitado ata o seu descubrimento, no século XV. Xa no XVI, Portugal estableceu alí unha estación de paso do incesante tráfico de escravos, procedentes da veciña costa africana, e asentáronse os primeiros colonos europeos. A maior parte dos caboverdianos son descendentes da mestura de amos e sometidos. Para as mulleres, como adoita acontecer, as condicións de vida aínda eran máis duras que para os homes: "Elas non tiñan nin voz nin voto. E como non podían falar, para protestar batían no peito, primeiro, e despois en trapos, ou no que fose. Así naceu o *batuko*", conta a portavoz das Tabanka.



Batuko Tabanka

Durante os últimos tempos de dominación colonial, narra, esta expresión rebelde declinou. Chegada a independencia, que se declarou no 1975 ao calor da implosión do Portugal salazarista, os habitantes desta minúscula nación atlántica quixerón revivir o que os facía singulares, e aquela forma de expresión escrava rexurdiu: “Agora óese en calquera vila, sobre todo na illa de Santiago, que é a máis poboada”. O *batuko* cántase en crioulo, a mestura de portugués e linguas africanas que se fala nas illas, e que de momento non é o idioma oficial do país.

Ao outro lado do mar

Tamén é Santiago de onde partiron cara a Galicia centos de caboverdianos, nos anos setenta e oitenta, buscando traballo nas recién creadas industrias da costa de Lugo e, sobre todo, na pesca. Antonina leva máis de trinta anos afincada en Cangas de Foz, a tres quilómetros de Burela, onde a colonia é máis que considerable. Alí naceu Tabanka hai máis dun decenio, case por casualidade, nunha cea coa que se pechaban uns cursos para a poboación inmigrante. “As clases eran en principio para os homes, pero eles estaban todos no mar”, ri Antonina. Na celebración foi ela a que propuxo

As integrantes da agrupación volveron á súa illa natal en abril do 2006 para gravar o seu primeiro disco-dvd

ás súas compañeiras de clase tocar un *batuko* de despedida. “Dixéronme: pero como nos vamos acordar de como se toca se hai vinte anos que non o facemos? Pero acordámonos, claro que si!”.

Logo, todo veu corrido: “Botounos unha man primeiro o Concello de Burela, e despois todo o mundo. Tivemos moita sorte, apoiounos toda España. Hai nada fixemos cinco actuacións en Navarra, e xa temos pasado por Barcelona, pola Expo de Zaragoza, polo *Luar*, tocamos no 25 aniversario do Parlamento de Galicia...”. Non está nada mal para esta ducia de mulleres que empezaron a *batukar* case por casualidade, a centos de quilómetros do lugar no que aprenderan a facelo.

Viaxe de volta

O momento culminante foi para as integrantes de Batuko Tabanka o seu regreso a Cabo Verde para gravar *Djunta mô* (PAL-

Abada, 2009), algo así como “axúdame”, o disco e documental que agora acaba de pórse á venda. “Manolo Maseda [responsable da produtora Abada e ex integrante dos Diplomáticos de Monte Alto] díxome: preparádevos que dentro de nada vamos gra-

O concepto do 'batuko' é tan sinxelo como bater coas mans nunha toalla envolta nunha bolsa de plástico

var a Cabo Verde. Eu contesteille: estás de broma, como vas conseguir os cartos para levar tanta xente alá? E el dixo: ti deixa iso ao meu cargo”, conta Antonina.

O caso é que as Batuko Tabanka volveron á súa terra en abril do 2006, e a experiencia foi brutal. As imaxes que mostra o documental que acompaña o disco son fermosas: as *batukeiras* burelenses tocando no centro de Cidade Velha, a localidade máis antiga do arquipélago, o reencontro cos seus, a busca de colaboradores polas paraxes entre tropicais e semidesérticas da illa de Santiago, a gravación do disco nun estudio portátil instalado nunha habitación dun plácido hotel costeiro...

Porque colaboracións de altura hai unhas cantas no disco, desde a celebridade local Ntoni Dente d'Oro –unha estrela en Cabo Verde e unha especie de Lee Perry crioulo– a músicos galegos coma Uxía Senlle, Rodrigo Romaní, Mercedes Peón, Xosé Manuel Budiño ou Segundo Grandío, que tamén produciu o traballo. De cantantes populares caboverdianos a virtuosos do tradicional galego, pasando por *disc jockeys* e músicos de rock, todo suma riqueza ao traballo, ao que a man de Grandío achega o toque máxico. A combinación ten tanta forza e melancolía como se pode esperar de dúas terras batidas polo Atlántico.

Algo “tan bonito”

Antonina de Cangas, Ibone, Fafá, Beba, Chuca, Ilda, Antonina de San Cibrao, Desideria, Isabel, María, Belita e Santinha –así é como se chaman entre si– esperan que a aventura na que están embarcadas dure moito tempo. “Isto é tan bonito que nunca o vamos esquecer”, di Antonina de Cangas. Durante un instante do documental, outra das integrantes da agrupación comenta con emoción o que lle dixeron en Cabo Verde durante o seu regreso triunfal: “Levades fóra tanto tempo, pero non esquecestes isto!”.





UNHA IMAXE DA ACTUACIÓN DAS BATUKO TABANKA EN
CIDADE VELHA, EN ABRIL DO 2006, NO SEU REGRESO A
CABO VERDE PARA GRAVAR UN DISCO-DVD .
FOTOS: XULIO VILLARINO

DETRÁS DA CANCIÓN

N A C O C I Ñ A D A NADADORA

O grupo arousán, un dos estandartes do 'indie' galego e estatal, prepárase para xirar de novo ao pop luminoso despois da baixada aos infernos na temática do seu anterior traballo longo. O seu cantante e guitarrista, Gonzalo Abalo, conta como se están cociñando desde hai meses as súas novas composicións, que se editarán na primavera



A brigados ata as orellas, nunha fin de semana a últimos de outono, os Nadadora xuntáronse co produtor que escolleron para este traballo, Fino Oyonarte (ex baixista de Los Enemigos), nos estudios Abri-
gueiro, en Friol. “Fino pediunos ir un par de días ao estudio no que se vai gravar o disco para coñecer o material e o técnico, Arturo Vaquero”, explica Gonzalo. Pero o traballo estaba xa ben avanzado: semanas antes o grupo xa gravara no seu local de ensaio unha maqueta ben detallada dos temas para que o produtor puidese saber en que terreo pisaría.

“É a primeira vez que facemos demos con tempo e con coidado”, explica o guitarrista. “Nesta ocasión”, di, “tratamos de que cada cousa fose onde debe ir, e, nese sentido, foi coma a gravación dun disco, pero con menor calidade. A idea é que Fino puidese escoitalas e traballar con elas, e achegar ideas para a produción”.

Ese vai ser o papel de Oyonarte en todo o proceso: produtor dalgúns discos clave do *indie* español desde os noven-

ta —o *Súper 8* de Los Planetas (BMG, 1994) ou o *Hulahop* de Mercromina (Subterfuge, 1997), polo que Abalo ten especial querenza—, os Nadadora coñecían de coincidir co seu grupo, Clovis, nalgúns concertos. “Gústanos que non sexa nada mercenario. O noventa por cento dos traballos que produce fainos porque quere. De feito, antes de enviarlle as demos das que falaba antes, tivemos que gravarlle unha maqueta con algunhas cancións para que as escoitase e vise se lle gustaban e se lle interesaban”.

E interesáronlle, claro. Oyonarte “está moi encima do proxecto e métese moito dentro do grupo”, asegura o cantante dos Nadadora, “e iso é algo que me gusta: é capaz de ver en nós cousas, influencias, que nós, ao térmolas tan interiorizadas, nin detectabamos. Ademais, quere que os grupos soen ao que realmente soan”.

A gravación deparará tamén o encontro entre Oyonarte, que bebe da tradición do rock da movida madrileña, da que foi partícipe con Glutamato Ye-Yé e Los Enemigos, e Arturo Vaquero, dono e responsable técnico

dos estudos Abri-
gueiro e alma do proxecto de música electrónica Humanoid. “Vai ser moi interesante porque os dous teñen experiencias e traxectorias moi distintas”, di Gonzalo Abalo. O disco será mesturado nun estudio en Madrid, e editarao contra o mes de marzo o selo Jabalina.

As cancións

Para este disco, os Nadadora advirten de que mudaron “por completo outra vez”. Se co seu terceiro longo, *Hablaremos del miedo* (Jabalina, 2007), o pop vaporoso se convertía á negrura e á decepción, as súas novas cancións parecen mirar de novo á luz. “Seguimos sendo nós, pero creo que nos vai saír un disco máis pop”, explica Abalo; “quen coñece o grupo e puido escoitar as demos, di que soamos aos Nadadora do principio, pero tamén doutra maneira. Vai sorprender abondo, porque a diferenza vai ser moi grande. Desde dentro é difícil definilo, pero creo que as cancións son máis pop: non haberá grandes despregues épicos, as cancións van ser de tres minutos, estrofas e refráns. E para nós iso si que é un cambio”.



UN DÍA CON:

PHANTOM CLUB

Unha noite de novembro do 2009, os Phantom Club reuníronse no teatro Área Panorámica de Tui, a localidade da que proveñen algúns dos seus integrantes, para darse o gusto de gravar o seu segundo disco en directo. Coma os grandes. E cos grandes: a banda foi aínda un pouco máis alá coa súa conexión galaico-arxentina chamando a colaborar no experimento a músicos de aquí, coma Pablo Novoa ou Nillo Nández de Pacífico, e de alá, como Ariel Rot ou Andi Chango.

O resultado é *Muchas noches, buenas gracias!*, no que van un paso máis alá co seu funk-rock desatado. A gravación en directo era quizá un paso natural para unha banda que se atopa a si mesma sobre as táboas. Phantom Club fórmala músicos vigueses, tudenses e arxentinos; despois da edición de varias maquetas de gran repercusión no sur de Galicia, lanzaron no 2007 *Funksiona!*, que os levou a tocar por toda a Península. O seu directo é dos que fan suar ata a unha estatua de xeo, como se pode comprobar nas imaxes destas páxinas, tiradas durante a gravación de *Muchas noches, buenas gracias!*

A forza dos vigueses,
sobre as táboas de Tui



O concerto gravouse
para despois ser editado



Na rolda de prensa
previa á presentación



▲ No escenario co
arxentino Andy
Chango



▲ Unha posta en escena
espectacular para un
directo apabullante



◀ O ex Tequila Ariel Rot
sumouse á festa



▲ Phantom Club e ami-
gos saúdan ao público

BB SIN SED

Casa doce (Discmedi-Blau, 1991)



Por CUDI, GUITARRISTA DE LOS ETERNOS

Son moitos os discos que se me veñen á cabeza ao pensar nun tesouro soterrado, aínda que o máis destacado, polo que representou para Los Eternos o meu grupo, é *Casa doce*, de BB Sin Sed. Non só o escoitamos moito, senón que tamén temos tocado os seus temas en centos de ocasións.

Atreveríame eu a dicir, desde a miña humilde opinión, que estamos falando dun dos mellores discos de pop rock nacional non só da época, senón de todos os tempos. *Casa doce* está composto por doce temas intemporais de grande intensidade, cheos de *americana* con pinceladas do mellor pop rock da época, que, unidos á gran calidade das súas letras e melodías, fan que este sexa o gran tesouro soterrado da música nacional.

Corría o ano 1991 cando este cuarteto de Sabadell lanzou este seu terceiro traballo. Xavier Vendrell, vocalista comparado en ocasións co gran Javier Corcobado e compositor da maioría dos temas, inunda cada canción coa súa visceral voz e as súas letras cargadas de sentimento e de bo gus-

to. Acompaña á guitarra Remember, un excelente guitarrista, que cos seus insinuantes e incandescentes *riffs* converte este grupo no gran referente da época, inxustamente esquecido.

A pesar de que en ocasións foron relacionados con artistas como La Frontera ou con Los Elegantes, o mundo propio que crearon os BB Sin Sed é único e tamén incomparable. A mostra diso son xoias coma 'Tesoro de palabras', 'Ángel de soledad', 'La soga del recuerdo', 'Fenomenal' ou 'Huracán'.

Recordo que cando saíu o disco lle mandamos unha carta a Xavier Vendrell para manifestarlle a nosa admiración polo traballo que acababan de publicar. Poucas semanas despois recibimos unha contestación na que nos enviaba varias poesías escritas por el, para que as incluísemos nas nosas propias cancións. Aquelas letras foron gardadas como o que son, un auténtico tesouro soterrado.

CUDI É GUITARRISTA DE LOS ETERNOS, UNHA INTENSA BANDA CEDEIRENSE DE ROCK AND ROLL QUE PREPARA NOVO DISCO PARA ESTA PRIMAVERA.



A MÁQUINA DO TEMPO

CARLOS REGO

GUIARRISTA DE BURGAS BEAT

“O meu primeiro grupo foi Viernes y los Robinsones, en Ourense, alá por 1985. Eu tocaba a guitarra peor que mal e compuña a medias co cantante, Labra, que hoxe leva o Rock Club. Labra é mulato, de aí o ‘simpático’ do nome, que foi cousa del. Soabamos a unha mala dixestión de Ramones e Cramps e faciamos letras estúpidas e inocentemente provocadoras. Aparte desas dúas referencias, escoitabamos os primeiros Siniestro Total, Undertones, Meteors, The Clash, Derribos Arias, Loquillo, Creedence, Revillos, *rockabilly*... Cando entraron Dofo e Amadís, que viñan de Última Fila e tocaban mellor, o son comezou a cambiar cara ao que sería Cosecha Roja”.

“Eramos uns inconscientes; o baixista non collera un baixo na vida, igual que o batería, que tocaba caixa e prato de pé. Eu non sabía máis dun par de acordes. O conto era tocar e romper co anterior, ser punk oito anos despois do punk. Hoxe pensámolo todo máis, xa non temos aquela bendita inocencia e somos máis cínicos e resabiados, pero o que non perdemos foi a paixón pola música”.

“Tampouco había ningunha escena, nin selos, nin salas, aínda que si algún *fanzine*. Destacaban os grupos de Vigo, e logo cousas dispersas coma nós. Agora hai moito máis de todo, pero o público semella diminuír: daquela, un grupo tan pequeno coma o noso era capaz de encher salas en Ourense; o interese era maior”.

“AGORA HAI MOITO MÁIS DE TODO, PERO O PÚBLICO SEMELLA DIMINUÍR: DAQUELA, UN GRUPO TAN PEQUENO COMA O NOSO ERA CAPAZ DE ENCHER SALAS EN OURENSE”

“Unha vez, mentres Viernes y los Robinsones tocabamos nunha festa de fin de curso para uns peritos agrónomos de Lugo, un amigo noso bebeu moito máis da conta e púxose a bailar enriba do escenario, con tan mala sorte que tropezou co cable que nos daba corrente e, de súpeto, só se escoitaba a batería. Non sei quen foi nin canto tardou en enchufarnos de novo, pero pareceu unha eternidade. Pouco máis tarde, o que nos cortou o son foi o dono da discoteca. Vese que non lle gustou o que escoitaba”.

“Tamén con Viernes y los Robinsones fixemos unha xira pola Bretaña francesa alá por 1986. Grazas a unha daquelas xuntanzas culturais de ‘nacións sen estado’ tan de moda na época (lembro ver por alí a Reixa, Manquiña, Morris...), estivemos por alí unha semana vivindo a corpo de rei. Tocamos teito demasiado cedo”.

“Levaba tempo sen pararme a pensar en Cosecha Roja, pero agora que nos puxemos a buscar as cancións para o CD compilatorio (*Un par de cosas*, Hanky Panky, 2009) e a oír as reaccións dos que o escoitan, doume de conta de que deixamos unha colección ben xeitosa. Aínda podemos tocar esas cancións, deféndense elas soas, e algunha, a pesar dos medios precarios cos que traballabamos, está entre o mellor que gravaremos nunca”.

“Se o grupo durou doce anos foi máis por cabezóns que por outra cousa. Durante a época de Cosecha Roja pensei moitas veces en deixar de tocar. Cando empezamos Burgas Beat xa tiña claro o meu lugar no mundo da música, así que buscamos un ritmo razoable para todos. Non seguiríamos adiante se non fose pola amizade de tantos anos que temos os membros do grupo e polas ganas que vexo neles: Aser vén ensaiar desde Oviedo, onde vive, e Dofo ata hai pouco viña de Vigo. Pasámolo ben xuntos, gústanos o que nos sae e, mentres haxa novas cancións que tocar, non hai previsión de parar. Seguiremos, a modiño, pero seguiremos”.

CARLOS REGO FORMOU PARTE DE VIERNES Y LOS ROBINSONES NOS OITENTA E LIDEROU COSECHA ROJA NOS NOVENTA. ACTUALMENTE SEGUE FACTURANDO POP CLÁSICO DESDE AS FILAS DE BURGAS BEAT.







Brasil,

obxectivo transoceánico



Músicos galegos coma Carlos Núñez, Uxía Senlle ou Fran Pérez desembarcan no xigante suramericano, no que ven unha grande aposta de futuro

FOTO: DANIELA DACORSO

Brasil emerge no final desta década como unha das potencias económicas que cómpre ter en conta. Coa súa mestura de creatividade desbordante, desigualdade social e tecnoloxía punta, é o país de moda. Conscientes da proximidade cultural e idiomática, os artistas galegos buscan ao outro lado do Atlántico novas vías para dar a coñecer a súa música. Carlos Núñez, Uxía Senlle e Fran Pérez contan que Galicia pode ofrecerlles aos brasileiros outra visión de si mesmos.

“Alí están cansos de europeos que van sacarse a foto a Copacabana e a tocar bossa nova. O que lles fascina é descubrir un Brasil que existe pero que nunca foi valorado”, explica Carlos Núñez. O gaiteiro vigués publicou o ano pasado *Alborada do Brasil* (Sony Music, 2009), “unha loucura carísima, pero tamén unha aposta de futuro”, no que se mesturan o pulso céltico marca da casa “con máis samba que bossa”, e no que colaboraron máis de cen músicos dos dous lados do océano (de Carlinhos Brown aos seus xa inseparables Chieftains, pasan-

do por Lenine ou Adriana Calcanhotto) e produtores coma Mario Caldato Jr. (Beastie Boys, Marisa Monte, Super Furry Animals) ou Alê Siqueira (Tribalistas). Núñez fixo o disco convencido de que “Brasil é un campo de futuro marabilloso para Galicia. Temos que crear un imaxinario coma o imaxinario celta, ese milagre de que Irlanda, Escocia, Bretaña sexan a nosa casa. O que pasa é que ese imaxinario celta xa existe desde hai cen anos, desde Murguía. No caso de Brasil está por crearse, non se coñece: nin en Galicia se sabe de Brasil nin os brasileiros coñecen Galicia, pese a que son grandes amantes do Camiño de Santiago desde o éxito de Paulo Coelho”.

Pero como se pode conquistar un país que é centro, e non periferia, dentro do sistema musical mundial? “Ofrecéndolles unha viaxe ás súas orixes, descubríndolles conexións que para eles non son tan evidentes coa música de Galicia e de Portugal, e recordándolles aquelas cousas súas que veñen de Europa; descubríndolles outra maneira de se ver”, explica Uxía Senlle. A cantante organizou a finais de 2009 unha edición brasileira do proxecto Cantos na Maré, un concerto no que colaboran mú-

sicos de aquí e de alá. “Contrariamente ao que poida parecer”, conta Senlle, “eles non son nada embiguistas. Teñen moita curiosidade e atopan conexións coa música celta. A música galega ten moito que ver coas músicas do seu nordeste”, afirma.

De conexión fala tamén Carlos Núñez, para quen “alí é onde te das de conta do poder cultural de Galicia, entendida como o gran territorio histórico que foi. Cando Portugal chegou a Brasil en 1500, era un Portugal moi galaico, con moito peso do norte. O primeiro instrumento que desembarcou foi a gaita. Brasil ten viva no seu interior unha herdanza traída desde aquí, mesturada co lado africano. É unha Galicia *cool*, vendedora, con esa alegría e ese *swing* dos negros”. Núñez confesa que lle levou dez anos, desde o seu primeiro concerto no país en 1999, afrontar a aventura que callou en *Alborada do Brasil*, porque “é un país enorme. Son, en realidade, moitos países nun”.

Circuíto lusófono

Fran Pérez, Narf, leva moitos anos traballando o circuíto lusófono, se é que algo así existe. A súa visita a Brasil nos últimos meses do ano pasado, xunto con Manecas Costa co proxecto Aló Irmao, non foi a primeira nin será a última. “O idioma é un paso”, apunta, “igual en Brasil ou en Portugal ou nos outros países da lusofonía. O lóxico sería que houbera un circuíto por todos eses lugares; eu mesmo levo anos dándolle duro a Portugal e Mozambique. Pero o idioma, sendo unha vantaxe, non é o único, porque o mesmo que nos ocorreu en Brasil pasounos nesta mesma xira en Bos Aires. O idioma é unha ‘maisvalía’, como din os portugueses, e nunca un obstáculo”. O certo, lamenta, é que os galegos “sempre vivimos un pouco de costas a esa realidade, incluso desprezando as vantaxes da nosa lingua”.

“Sería moi importante que as institucións galegas se implicasen, porque a música é a nosa embaixadora natural. Iso é algo que os brasileiros ou os irlandeses teñen clarísimo e, non obstante, aquí ás veces maltrátase o músico”, reclama Carlos Núñez. Para el, o seu último disco é “seguramente un inicio, unha aventura que non vai acabar aquí”. O mesmo lle ocorre a Fran Pérez, que pensa volver alí neste ano. Uxía, pola súa parte, ten xa dúas datas confirmadas para o Cantos na Maré contra o final da primavera e traballa en máis proxectos transatlánticos. A ver se agora é Galicia a que se vai poñer de moda en Brasil.



1. UXÍA, DURANTE O CONCERTO DE CANTOS NA MARÉ EN BRASIL; 2. A CANTANTE MOAÑESA, CON SARA TABARES; 3. UN DOS MÚSICOS DA BANDA DE UXÍA; 4. MANECAS COSTA, DE ALÓ IRMAO, NA SÚA XIRA SURAMERICANA; 5. FRAN PÉREZ, NARF, NA MESMA ACTUACIÓN.



Coa vista posta en América do Sur



América do Sur volve ser terra de oportunidades para os galegos, que durante ducias de anos fixeron súa a outra beira do Atlántico. E non só pola especial relación con Brasil que están establecendo moitos músicos: Arxentina, Chile, Uruguai e outros países da rexión están marcados como obxectivo no atlas dos artistas desta parte do mundo. Eventos como a Buenos Aires Feria Internacional de la Música (BAFIM) ou o Womex serviron de escaparate para a internacionalización da creación galega.

Proba do interese transatlántico pola música galega é o acordo asinado pola Consellería de Cultura e Turismo da Xunta, a través da Axencia Galega das Industrias

Culturais (AGADIC), co estado brasileiro de Minas Gerais, situado ao sueste do país e cunha poboación que supera os 21 millóns de persoas. En virtude desta colaboración, negociada no transcurso da feira Womex en Copenhague o pasado novembro, entre oito e dez grupos ou solistas galegos actuarán na mencionada rexión do Brasil. Mentres, Galicia acollerá unha semana cultural brasileira neste ano 2010.

Protagonistas en Bos Aires

Galicia foi, ademais, unha das protagonistas da pasada BAFIM, á que acudiron artistas e compañías en novembro do ano pasado co apoio da AGADIC. O público e

programadores culturais dunha ducia de países puideron comprobar o estado da creación galega con actuacións de grupos e solistas galegos como Carlos Núñez, Aló Irmao ou Xoel López, que estiveron tocando en escenarios clásicos da cidade como o Teatro Coliseo ou salas como La Trastienda e Niceto.

Na xuntanza porteña fructificaron relacións xa establecidas en feiras anteriores, e xurdiron outras oportunidades de negocio. Axentes de diversos países como Arxentina, Brasil, Chile, Uruguai, Paraguai e Bolivia, entre outros, chegaron a acordos de distribución discográfica con diversas compañías galegas.

NAS TENDAS



Cuarteto Caramuxo

Tiruriru

FALCATRUADA

Catro clarinetes, un acordeón e percusións poden parecer unha formación un tanto estraña... pero non se se fala do Cuarteto Caramuxo. A cabalo entre o jazz, o pop e as músicas de latitudes afastadas da galega, este peculiar grupo (o único cuarteto que hai no mundo formado por seis persoas!) formado en 1990 ofrece en *Tiruriru* unha interpretación fresca e orixinal de melodías tradicionais.

myspace.com/cuartetocaramuxo



Igloo

La transición de fase

ERNIE RECORDS

Din os mesmos Igloo que con este disco mostran a súa cara máis honesta e sensible, deixando de lado poses fáciles e actitudes pomposas. *La transición de fase* enséña o máis íntimo e humano do conxunto vigués, que afonda na súa conexión coa electrónica cunha colección de cancións máis fondas, máis enérxicas e máis desgarradas que calquera das que anteriormente compuxeran.

myspace.com/iglooeskimos



Descarga ao Vivo

Cuba-Galiza

FALCATRUADA

Gravado en directo, o disco de Descarga ao Vivo é case unha reunión espontánea de estupendos músicos que navegan entre o folk de raíz celta e a tradición caribeña. Galegos como Xabier Díaz, Guadi Galego, Ugia Pedreira ou Pablo Castanho e cubanos como Alejandro Vargas fan deste disco unha mestura única, acompañada nesta edición dun dvd con imaxes da xira aos dous lados do océano.

www.falcattruada.com/descarga



Orquestra Vigo 430

Orquestra Vigo 430

OUIRMOS

A Orquestra Vigo 430, dirixida por Alejandro Garrido, interpreta no seu primeiro traballo discográfico composicións de Bach, Vivaldi ou Shostakóvich, destacando especialmente a execución das pezas 'Suite negra sombra', de Rosa Gayoso, ou o 'Concierto en estilo antigo' do pontevedrés Manuel Quiroga. A agrupación destaca pola audacia na interpretación e a frescura e vitalidade no escenario.

www.vigo430.com



Borja Cao Trío

Matchball

AUDIA RECORDS

O pianista ourensán Borja Cao aposta nesta produción polo jazz agradable e de fácil escoita, con ecos clásicos punteados de achegas moi persoais. Acompañano neste seu primeiro disco o contrabaixista Juan Cañada e o batería Max Gómez. Cao, profesor de música en Santiago, demostra en *Matchball* o seu dominio da técnica e o seu gusto por un estilo académico, limpo e brillante.

www.blogoteca.com/borjacao



The Homens

Cuarta potencia

LIXO URBANO

Cuarta potencia é melodía a volume atronador, é inocencia pop e nihilismo negro. O cuarto traballo editado por The Homens mostra á banda de Santiago DC máis preocupada polas melodías e polas letras e, á vez, máis ruidosa que nunca. Producido por Santi García, o disco insiste no seu gusto polo pop británico e a enerxía do punk americano dos oitenta, engadíndolle psicodelia e experimentación.

www.thehomens.com



Quique Peón Cía.

Ovay

FALCATRUADA

Ovay é un espectáculo de danza creado pola compañía que dirixe Quique Peón Mosteiro, e tamén o froito de trinta anos de exploración etnográfica por Galicia. A música composta por Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde ambienta esta proposta entre as raíces e a vangarda, coa que o seu creador pretende explorar as múltiples posibilidades dos movementos tradicionais da escena moderna.

www.quiquepeon.com



Leo Giannetto's Jazz Project

Popjazz performances

AUDIA RECORDS

Este terceiro traballo de Leo Giannetto para o selo galego Audia Records segue buscando o camiño do medio entre o jazz e a música pop máis comercial: se nos anteriores discos os obxectos de exploración foran as cancións dos Beatles e de The Police, a banda ataca en *Popjazz performances* unha ducia de temas clásicos, desde 'Hotel California' a 'Imagine', do 'Layla' ao 'Billie Jean' de Michael Jackson.

www.leogiannetto.com



Capitán Furilo

Rock

AUTOEDITADO

Despois de *Pop?* (2007) vén o *Rock*. Descendente de grupos dos noventa como O Caimán do Río Tea, o cuarteto de Pontearreas volve deixarse levar polas cancións de corte clásico e as letras sentimentais. Apegados ao *power pop* dos setenta, os Capitán Furilo seguen sendo capaces de sorprender: porque un grupo que presenta disco organizando unha cea baile, como é o caso, é grande por definición.

www.capitanfurilo.com



Carlos Arévalo y la Urugalega

A vista de pájaro

AUDIA RECORDS

O batería e músico de sesión uruguaio Carlos Arévalo presenta en *A vista de pájaro* unha curiosa fusión de jazz, funk, ritmos latinos, *candombe* e rock, apoiándose nunha megabanda de trinta músicos galegos e suramericanos. O disco repasa doce temas referentes na súa traxectoria musical, fusionados, tremendamente retorcidos e adaptados á peculiar visión deste auténtico todoterreo.

myspace.com/carlosarevalorodriguez

O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA

'The rise and fall of Ziggy Stardust and the Spiders from Mars'

(DAVID BOWIE). RCA, 1972

Por EDGAR NO



FOTO: LUIS DÍAZ

Non era o primeiro achegamento aos pelos de cores ou ás poses: medrar nos oitenta, con Tino Casal, Alaska y Dinarama, Eurythmics, Miguel Bosé, Sigue Sigue Sputnik e demais saíndo todo o día na radio e na tele seguramente xa creara algo de tolerancia á laca e á maquillaxe amaneiradas nos músicos.

Tampouco era o primeiro que escoitaba de David Bowie, pero desde o momento en que o merquei pareceume que *Ziggy Stardust* era algo máis que todo o que coñecía ata o momento. Empezando pola portada e o libreto do cedé (das edicións SoundAnd-Vision), que, ademais de traer un montón de temas extra e as letras impresas, viña ilustrado con numerosas fotos

impresionantes de esplendor *glam*. Hai que dicilo tamén: no meu caso, esas imaxes xeraron durante algún tempo certo grao de inquietude paterna.

Agora poderíamos poñernos a facer análises e falar das cousas que o fan importante: a súa influencia musical e estética, a introdución da teatralidade e o artificial no pop, o que se queira. Pero non foi nada diso o que me engancho do disco: por riba de todo, *Ziggy Stardust* era e segue a ser un conxunto de cancións impresionantes nas que se mesturan o pop, rock e o vodevil inglés con letras *molonas*, nas que conviven unhas melodías insuperables cos arranxos da guitarra espacial de Mick Ronson, deses

que se incrustan no cerebro e non podes deixar de cantar, e que, ademais, ofrecen a sensación de estar a formar parte dun mundo diferente.

Neste momento probablemente escollería outros discos como favoritos, mesmo do propio Bowie, pero non podo nin quero separar a *Ziggy* da miña adolescencia. Creo que aínda agora podería tocar na guitarra e cantar todas as cancións seguidas, de 'Five years' a 'Rock'n roll suicide', facendo parada especial en 'Moonage daydream'. Aquel cedé ten bastante que ver coa miña afección polo pop, e si, seguramente non haxa que escarvar moito na música que fago para comprobalo.

EDGAR NO É GUITARRISTA E CANTANTE DO GRUPO CORUÑÉS COMBO DINAMO



A SALA

LA IGUANA CLUB

RÚA CHURRUCA, 14. VIGO | WWW.LAIGUANACLUB.COM

Hai moi poucas salas de concertos no mundo que poidan dicir que as camisetas co seu logotipo son máis populares que as dos propios grupos que actúan no seu escenario. Pero a La Iguana Club pásalle iso: o mítico local vigués, que se presenta na súa web co autoafirmativo lema “O templo do rock” é coñecido en toda España despois de vinte anos, que fai neste 2010.

“Supoño que faremos unha festa algo máis especial coincidindo co aniversario que organizamos cada ano”, conta Fernando Presa, responsable dun local que naceu cos últimos momentos da movida viguesa e que sobreviviu aos cambios da industria e á proliferación desmedida de espazos para a música que se deu na cidade. Cando abriu La Iguana “podíase tocar no Ruralex e seguro que nalgún máis, pero case non había sitios”, recorda. Hoxe, pola contra, “todo o mundo fai concertos en Vigo e cada fin de semana podes atoparte con oito ou nove ofertas. A xente selecciona máis, e hai menos público para as cousas que se fan nas salas. Pode que non se note en grandes concertos de estadio, pero para ver grupos locais ou con menos nome non hai xente”.


Pese a esta visión negativa do momento, Presa segue facendo “uns cen concertos




FOTOS: JANITE

ao ano. Rara é a fin de semana na que non teñamos dous”. É dicir, que neste 2010 La Iguana alcanzará os 2.000 concertos, unha cifra nada desprezable. “É un traballo; é o noso día a día”, di o xerente do club, “pero tamén é o que nos gusta facer”. En todo este tempo, Presa tivo que ver de todo: bo, raro, gratificante e enervante, sobre as táboas e nos camerinos do seu espazo. Lembra, por exemplo, unha vez na que tivo que facer iso que todos os grupos recordan como a súa peor experiencia: cortar a corrente eléctrica. “Foi no concerto dun grupo instrumental. Por equivocación, alguén deixou a porta aberta, os veciños queixáronse e apareceu a policía, e, como non sabía como facer para que parasen de tocar, tiven que apagar a luz”, narra.

Houbo, desde logo, moitos bolos memorables, coma aquel de Green Day no que, meses antes de editar o seu supervendas *Dookie* (Reprise, 1994), os americanos meteron sesenta persoas na platea a dous niveis de La Iguana. Pero ningún se mantén na memoria de Presa tan ben coma un de Burning, meses antes da morte do seu guitarrista e cantante Pepe Risi, en 1997: “Sempre foron un grupo que me gustou moito, e Pepe viñera a Vigo xa enfermo. Foi un gran concerto”.



www.musicaovivo.info




Rede Galega de música ao vivo

2010

PROGRAMACIÓN
CARLOS HUMBERTO
DÍAZ PÉREZ

www.musicaovivo.info



SALAS:

A Fundación
A Regueifa
Ache
Aturuxo
Auriense Café Cultural
Badulake
Bar Liceum
Baranda
Borriquita de Belém
Café-Cultural Roi Xordo
Casa das Crechas
Catro Camiños
Clandestino
Clavicémbalo
Contrabajo
Disco-Club Capital
Doble Moral
El Ensanche
El Otro Caimán
Forum Celticum
Garufa
Isis Pharia
Jazz Filloa
Jazz Vides
La Casa de Arriba
La Fábrica de Chocolate
La Galeríajazz
La Iguana Club
Marrucho
Náutico
O Con do Moucho

Planeta
Pub d'Antón Rock Café
Pub Gatos
Pub O Muíño
Sala 600
Sala Karma
Sala Run Rum
SalaSon
Sama Sama
Ultramarinos
Vagalume Café Concerto
Zona Zero

BANDAS:

12 Labirinto
3Azoteas
7 Puertas
A Tuna Rastafari
Abril Fado Atlántico
Aid
Alberto Pérez
Aló Django
Animales Domésticos
Austria
Bakin' Blues Band
Baldosa Amarilla
Balea's Blues Quintet
Bastards on Parade
Belöp
Bruno T. Ford
Capitán Furilo
Caraba

Cats and Monkeys
Coanhadeira
Coll y Costa (de Los Reyes del KO)
Cró!
Dakidarría
Doc Magoo's
Doctor Gringo
Doctor Snob
Dúo Fernández & Quintá
Edu Manazas & Whiskey Tren
Gustavo Almeida & Brazilian Night
Holywater
Igloo
Ith
Jazzeros Inoxidables
Jerez-Texas
José Córdoba (antes Chivi)
José Luis Pardo & The Mojo Workers
Jugoplastika
Les Trois de Cora
Litanei
Los Eternos
Los Mecánicos
Machina
Martynez
MBM
McManus
Miguel Costas
Miñor Swing

Misquious
Mitocondrias
Monkillos
Moon Cresta
Moonjackets
Nadadora
Nouvelle Cuisine
O Sonoro Maxin
Oh Trío
Pacífico
Por Placer
Portrait
Recambios Tucho
Riff Raff
Rockers Go to Hell
Sergio Makaroff
Som do Galpom
Stereotipos
Sugar Mountain
Supersandwich
Tea
Telma y los Luises
The Cherry Boppers
The Homens
The Last Minute Experience
The Soul Jacket
The Turre's Band
The W.C. Garcia Show
TiempoCuatro
Why Go
Xan Campos Trío
Zénzar